



MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN

1. SERVIZO OU DEPARTAMENTO QUE PROPÓN A CONTRATACIÓN E Ó QUE VAI DIRIXIDA A PRESTACIÓN NA QUE SE CONCRETA O CONTRATO.-

AREA DE MEDIO AMBIENTE, ZONA RURAL, OBRAS E SERVIZOS_

NEGOCIADO DE SERVIZOS.

2. PRESTACIÓN DA QUE SE PROPÓN A CONTRATACIÓN (OBXECTO DO CONTRATO).-

Ampliación Cemiterio Municipal de Catabois, Fase I

3. NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE CO CONTRATO PROXECTADO, E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO E REALIZACIÓN DOS FINES INSTITUCIONAIS DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COA SATISFACCIÓN DESTA NECESIDADE (Competencia Municipal).-

Con este contrato pretende cubrirse a necesidade de executar novas filas de módulos funerarios que xa non teñen cabida no antigo recinto intramuros do cemiterio actual, cuxa capacidade (superior a 16.000 sepulturas) se atopa practicamente completa, así como ser a base pola que se ordene e defina as ampliacións sucesivas previstas no P.X.O.M).

O artigo 25 da Lei de bases do réxime local 7/85, de 2 de abril (LBRL, no sucesivo), establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Asemade, o artigo 26.1. a) da LBRL establece a obriga para todos os municipios de prestar, entre outros, o servizo do cemiterio

4. IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACER AS NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE.-

O proxecto cuxa execución se prevé coa contratación da obra, pretende ser a base pola cal se ordena e defina a primeira fase da ampliación global do cemiterio que responde á urxente demanda actual de execución de novas filas de módulos funerarios.

Nesta primeira fase de ampliación do Cemiterio Municipal de Catabois, previse a construción de 1.512 nichos e na zona de transición entre as ringleiras de módulos funerarios existentes e os novos (cuxas direccións presentan un pequeno xiro pola necesidade de adaptarse ás aliñacións marcadas polo P.X.O.M.) resérvase un espazo para novos locais que no futuro sexan necesarios para dar servizo tanto á ampliación como ao cemiterio existente (Puntos 2 e 3 da Memoria do Proxecto).

5. XUSTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DOS MOTIVOS VÁLIDOS PARA A NON DIVISIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO EN LOTES, de acordo co establecido no artigo 99.3 LCSP.-

Segundo a documentación técnica do expediente, entre outros no punto 22 da Memoria do Proxecto, tendo en conta o reducido ámbito tanto no xeográfico como na diversidade da súa natureza (unicamente se contemplan seis capítulos diferenciados: traslado do osario xeral existente, traballos previos incluíndo demolicións e movementos de terras, edificacións (módulo de nichos), instalacións, pavimentos e muros de cerramento), xustifícase a proposta de non división en lotes segundo os motivos indicados no apartado b) do

artigo 99.3 da LCSP:

A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulta a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico. A necesidade de coordinar as diversas prestacións verase imposibilitada pola división en lotes do contrato e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

6. XUSTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN PROPOSTO, cando sexa distinto do procedemento aberto ou restrinxido E/OU XUSTIFICACIÓN DAS RAZÓN QUE HABILITAN A TRAMITACIÓN URXENTE OU ANTICIPADA DO EXPEDIENTE, de acordo co establecido no artigo 119 LCSP y DA 3ª.2, respectivamente.-

Sinala o artigo 119 da LCSP, que poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes correspondentes ós contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público.

Aos efectos de que o órgano de declaración motive, se así o considera, a declaración da urxencia, indícase de novo que se trata dunha obra precisa para a prestación dun servizo esencial e obrigatorio cuxa demanda non se pode aprazar dependendo das necesidades de soterramentos que se poidan producir polos cidadáns finados. E indícase que (tal e como se xustificou para a solicitude do trámite prioritario da autorización de AESA) das 17.670 nichos existentes o 26 de abril de 2024 atopábanse dispoñibles 44.

Ferrol, na data e hora asinados dixitalmente

A xefa do servizo de Medio Ambiente, Zona Rural, Servizos e Obras.

Conforme,
O Concelleiro delegado da Área de Medio Ambiente,
Servizos, Zona Rural e Obras